

enoTurismo
galicia



Primavera de portas abertas

**RUTA DO VIÑO
VALDEORRAS**
Do 3 ao 5 de Maio

**RUTA DO VIÑO
RÍAS BAIXAS**
Do 10 ao 12 de Maio

**RUTA DO VIÑO
O RIBEIRO**
Do 17 ao 19 de Maio

**RUTA DO VIÑO
RIBEIRA SACRA**
Do 24 ao 26 de Maio

**RUTA DO VIÑO
MONTERREI**
Do 31 de Maio
ao 2 de Xuño

ENOTURISMO EN GALICIA

Primavera de portas abertas

No Facebook de Turismo de Galicia realizaremos tres concursos por cada Ruta do Viño nos que sortearemos en total 15 premios consistentes nunha noite de aloxamento para dúas persoas en cuarto dobre nun dos establecementos asociados participantes máis o xantar do día seguinte nun restaurante socio da Ruta.

Segue as nosas redes sociais e participa!

<https://www.facebook.com/Turgalicia>
www.turismo.gal

A través da marca Enoturismo en Galicia, da que forman parte o Clúster Turismo de Galicia e as cinco Asociacións das Rutas dos Viños das Denominacións de Orixe galegas (Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras), enmárcase unha estratexia xeral de promoción que pretende incentivar o desenvolvemento do enoturismo na nosa comunidade autónoma.

E é precisamente baixo este paraugas que Turismo de Galicia, en colaboración con estas cinco entidades impulsoras das Rutas dos Viños galegas, organiza, un ano máis, outra edición do **Enoturismo en Galicia, Primavera de portas abertas**.

En que consiste?

Trátase dun programa completo de actividades de enoturismo desenvolvido, de maneira conxunta e simultánea, nos cinco grandes territorios vitivinícolas galegos.

Durante cinco fins de semana entre os meses de maio e xuño poderás facer visitas guiadas e gratuítas ás adegas participantes nesta promoción. Todas terán as súas portas abertas para ti durante a fin de semana da campaña*. Ao finalizar a visita ofreceranche como agasallo unha degustación dos mellores viños de Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra ou Valdeorras.

Tamén atoparás restaurantes onde poderás escoller menús concibidos especialmente para esta ocasión, harmonizados con viños da Denominación de Orixe na que te atopas.

En cada Ruta poderás encontrar, ademais, un plan especial de actividades para a fin de semana: autobuses do viño, catas comentadas, visitas a museos, rutas monumentais, paseos en barca, descontos en aloxamentos e outras accións relacionadas co mundo do viño.

*Realizaranse tres visitas guiadas o sábado e unha o domingo co seguinte horario de atención ao público:

- **Sábado:** 11.00 h, 12.30 h e 17.00 h
- **Domingo:** 12.00 h

Recoméndase confirmar as visitas ás adegas previamente por teléfono



PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES DO ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

Do 3 ao 5 de Maio

Buses do viño

Servizo de transporte para visitar adegas o sábado 4 e o domingo 5 de maio durante todo o día. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico.

Prezo: 10 € / adult@ - 5 € / nen@ (de 3 a 13 anos)

Xantar non incluído

Prazas limitadas, necesaria reserva previa

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Ruta do Viño de Valdeorras

Tel.: 604 078 753

www.rutadelvinovaldeorras.com

info@rutadelvinovaldeorras.com


Sábado | 4 de maio

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
Ponferrada	10.15 h (Albergue de Peregrinos)	11.30 h Cova da Xabreira 13.00 h Adegas Terriña 14.30 - 16.15 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.30 h Adegas Joaquín Rebolledo 18.30 h Bodega Roandi	21.00 h
Ourense	09.00 h (Parque de San Lázaro, con parada na gasolinera GALP de Monforte de Lemos para recoller máis participantes).	11.00 h Adegas O Cepado 12.45 h Bodegas Godeval 14.30 - 16.30 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras ou no Hotel Monumento Pazo do Castro 16.50 h Paseo polo malecón de Petín 17.30 h Adegas Da Pinguela	21.00 h
A Coruña	08.30 h (parada de buses xunto ao Obelisco)	11.30 h Ponte da Cigarrosa e paseo polo casco vello da Rúa 12.30 h Adegas A Coroa 14.00 - 16.00 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.15 h Adegas Bioca 17.30 h Adegas Sampayolo	21.30 h

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
Santiago de Compostela	08.15 h (parada de buses da Praza de Galicia)	11.00 h Adegas Alan de Val 13.00 h Adegas O Casal 14.45 - 16.45 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras ou no Complexo Hostaleiro Paladium 17.00 h Adegas Melillas e Fillos	21.15 h
Vigo	8:30 h Avda. de Madrid (xunto a clínica Concheiro)	11.30 h Adegas Sampayolo 13.00 h Adegas Bioca 14.45 - 16.30 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.30 - 17.15 h Roteiro polo Barco de Valdeorras 17.30 h Adegas O Casal	21.45 h
Pontevedra	08.15 h (Praza de Galicia-Hiperxel)	11.15 h Adegas Joaquín Rebollo 12.45 h Adegas Alan de Val 14.30 - 16.15 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.30 - 17.15 h Paseo polo Barco de Valdeorras 17.30 h Bodegas Godeval	21.45 h




Domingo | 5 de maio

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
A Coruña	08.30 h (parada de buses xunto ao Obelisco)	11.30 h Cova da Xabreira 13.00 h Adegas Da Pinguela 14.30 - 16.30 h Tempo libre para xantar na Rúa 17.00 h Adegas Melillas e Fillos	21.15 h
Vigo	08.15 h Avda. de Madrid (xunto a clínica Concheiro)	11.15 h Adegas O Cepado 12.45 h Bodega Roandi 14.30 - 16.30 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 17.00 h Adegas Terriña	21.15 h

 A organización resérvase o dereito a modificar o programa en función da dispoñibilidade dos espazos e establecementos a visitar, así como o dereito a anular algunha das actividades ou rutas do bus en caso de non chegar a un mínimo de 12 participantes. O aforo máximo do autobús é de 20 persoas. O xantar non está incluído. Os horarios de chegada son aproximados.

ACTO DE INAUGURACIÓN DO "ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS" NA RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS

Inauguración e cóctel de benvida do "Enoturismo en Galicia, Primavera de portas abertas" co acompañamento dunha actuación de música latina en directo.





-  Venres 3 de maio, de 20.00 a 22.00 h
-  Gratuíto
-  Hotel Monumento Pazo do Castro (O Barco de Valdeorras)

 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

DESCUBRE VALDEORRAS




Actividade lúdico deportiva de orientación coa que se pretende por en valor a historia da vitivinicultura no concello da Rúa de Valdeorras. Os participantes farán equipos de entre catro e cinco persoas. Cada grupo recibirá un mapa cos puntos marcados e a orde na que deberán pasar por cada un deles (diferente para evitar que os grupos coincidan). En cada punto sinalado agocharase un código QR que deberán escanear -demostrando que pasaron por alí- e que lles permitirá acceder a unha pregunta relacionada coa historia da comarca, da Rúa "vella" e dos seus viños.

Os participantes terán varias alternativas de camiño para chegar a cada punto, polo que poderán ir escollendo e descubrindo o lugar pola súa conta. O percorrido rematará na Adegas Melillas e Fillos cunha cata acompañada de petiscos.

-  Sábado 4 de maio, ás 11.00 h
-  15 € / persoa
- Grupo máximo de 20 persoas
-  Capela de San Roque (A Rúa)
-  **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

SHOWCOOKING "OS PRACERES DE VALDEORRAS"




Para os amantes da cociña galega -con toques vangardistas- e dos viños de Valdeorras, a Ruta do Viño organiza esta actividade dirixida pola xefa de cociña Begoña Vázquez (restaurante Regueiro da Cova) e por Jorge Mazaira (Director técnico do Consello Regulador), quen realizará a maridaxe dos pratos coas diferentes variedades de viños do territorio. Propóranse catro elaboracións inspiradas na terra, no campo e no monte, que poderán ser degustadas acompañadas doutros tantos viños diferentes. A actividade levarase a cabo na terraza cuberta do C.H Paladium, onde poderemos gozar dunhas fermosas vistas da comarca durante o solpor.

-  Sábado 4 de maio, de 19.30 a 21.30 h
-  25 € / persoa
-  Complexo Hostaleiro Paladium

 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

PARQUE NATURAL SERRA ENCIÑA DA LASTRA

Visita ao parque natural ubicado no concello de Rubiá, onde a aciñeira, que dá nome ao parque, ten historia de seu. Esta árbore significa clima mediterráneo e solos calcarios, por iso resulta escasa no resto do territorio galego. Observaremos tamén outras árbores como sobreiras, rebolos, amendoeiras, oliveiras, convivindo con vellos castiñeiros. O parque posúe un gran número de "palas", covas (aquí está a meirande rede de cavidades subterráneas de Galicia). A fauna da serra está composta por aves rapaces, morcegos e un gran número de invertebrados ligados ao característico clima desta zona, o de menor pluviosidade de toda a comunidade autónoma.

-  Venres 3 de maio, de 16.00 a 19.30 h. Sábado 4 e domingo 5 de maio de 10.30 a 14.30 h e de 16.00 a 19.30 h
-  Visita libre e gratuíta
-  **MÁIS INFORMACIÓN:**
Centro de visitantes Parque natural Serra da Enciña da Lastra
Tel.: 988 783 055
<https://patrimonionatural.xunta.gal/>
servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.gal



ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA BODEGA ROANDI

Enobautismo

A actividade consistirá no bautizo das persoas visitantes, un feito que afianzará a relación entre eles e a adega. Haberá unha degustación de viños, acompañados de petiscos. Os bautizados levarán consigo un recordo da adega.

- 🕒 Sábado 4 de maio, ás 11.00 h
- € 25 € / persoa. Se desexan tamén o Xantar tradicional, o prezo global de ambas actividades será de 50 € / persoa
- Grupo mínimo de 25 persoas, máximo de 80

Xantar tradicional

Xantar harmonizado cos viños cultivados nas súas fincas -os máis representativos da adega-, co obxectivo de trasladar a cada comensal unha experiencia gastronómica senlleira.

- 🕒 Sábado 4 de maio, ás 14.00 h
- € 30 € / persoa. Se fai tamén o Enobautizo o prezo global de ambas actividades será de 50 € / persoa
- Grupo mínimo de 25 persoas, máximo de 80

- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Bodega Roandi
Tel.: 988 335 198 / 638 889 437
www.bodegaroandi.com
info@bodegaroandi.com

FESTA EN ADEGA E CANTOS DE TABERNA

O establecemento A Pontevella organiza cantos de taberna e maridaxe con viños da Denominación de Orixe nos bancais sobre o río Sil, no exterior do aloxamento (se así o permiten as condicións metereolóxicas).

- 🕒 Sábado 4 de maio, ás 20.00 h
- € 29 € / persoa
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
A Pontevella
Tel.: 988 322 022 / 624 003 432
www.alojamientopontevella.com
reservas@alojamientopontevella.com



PATRIMONIO E VIÑO

Visita guiada ao santuario barroco das Ermidas organizada pola empresa Enoturismo Galicia. Para finalizar a xornada visitaremos unha adega da Denominación de Orixe, onde participaremos nunha cata comentada con harmonía de queixos de Galicia.

- 🕒 Sábado 4 de maio, de 10.00 a 14.00 h
- € 21,50 € / persoa
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Enoturismo Galicia
Tel.: 676 101 649
www.enoturismogalicia.es
info@enoturismogalicia.es

ACTIVIDADES DA EMPRESA DE SERVIZOS "VALDEORRAS É VIÑO"

A idade media, o románico e o viño Godello

Ruta guiada pola historia da comarca de Valdeorras, cunha duración aproximada de 2 horas. Comezaremos na Casa Señorial Mosteiro de Xagoaza, que na Idade Media estivo marcada pola presenza da Orde dos Cabaleiros Hospitalarios de San Xoan de Xerusalén, coñecidos como a Orde de Malta. Continuaremos coa visita a Bodegas Godeval para coñecer outra parte da historia de Valdeorras, relacionada co viño e co proxecto de recuperación da uva Godello. Pasearemos pola viña e visitaremos a adega e a Cova dos Monxes, onde cataremos un dos seus viños acompañado dun petisco tradicional.

- 🕒 Sábado 4 de maio, ás 18.00 h
- € 15 € / persoa
- Grupo máximo 15 persoas. Desprazamento en vehículos particulares ata o mosteiro de Xagoaza

Castelo do Bolo. Un viño á saúde dos Irmandiños

Paseo guiado polo castelo medieval do Bolo de aproximadamente hora e media de duración. A historia deste castelo está marcada polo ataque dos Irmandiños na Gran Guerra Irmandiña (1467-1469). Na visita percorrерemos as súas instalacións, restauradas polo Concello do Bolo. Remataremos coa cata de dous viños elaborados nas terras do Bolo, acompañados dun petisco tradicional. As actividades desenvolveranse con guías especializados e coñecedores desta comarca e do mundo do viño.

- 🕒 Domingo 5 de maio, ás 13.00 h
- € 15 € / persoa
- Grupo máximo de 15 persoas. Desprazamento en vehículos particulares ata o Castelo do Bolo
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Valdeorras é viño
Tel.: 619 086 326
www.valdeorrasvino.com
valdeorrasvino@gmail.com

RUTA EN BICICLETA ELÉCTRICA

Paseo polo concello de Larouco, de aproximadamente 20 quilómetros de lonxitude, organizado pola empresa Rutas Xanzá. Rematará cunha cata de viños e petiscos nunha "cova tradicional" no pobo de Seadur.

- 🕒 Domingo 5 de maio, de 10.00 h a 14.00 h
- € 15 € / persoa (inclúe aluguer de bicicleta eléctrica, cata e petiscos)
- Grupo máximo de 14 participantes
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

ACTIVIDADES OFERTADAS POLO ESTABLECIMENTO ECO DOS TEIXOS

Descubriendo os misterios de Baco, rei do viño

Realización dunha carreira de orientación por grupos (de dúas a seis persoas) ambientada na cultura do viño. Faremos divertidas probas de estratexia nun percorrido que pasa por antigos viñedos arredor da aldea de Casaio. Durante o circuíto poderemos atopar personaxes e pistas agochadas que presentarán retos para poder continuar o percorrido. Gañará o grupo que consiga facelo máis rápido. Para finalizar, realizaremos un brinde con viño da Denominación de Orixe na taberna de Eco dos Teixos. Requírese reserva previa.

- 🕒 Sábado 4 de maio, de 22.00 a 24.00 h
- € 15 € / persoa
- Consultar
- Grupo mínimo de participantes para desenvolver a actividade: 10
- Idade mínima: 14 anos

Teixadal de Casaio

Ruta guiada interpretativa ao Teixadal de Casaio, un bosque ancestral que agocha un dos ecosistemas forestais máis antigos da península. Descubriremos fervezas e refuxios da guerrilla, xa que no Teixadal natureza e historia danse a man aos pés de Pena Trevinca, o cumio máis alto de Galicia. Para finalizar, realizaremos un brinde con viño da Denominación de Orixe na taberna de Eco dos Teixos. Requírese reserva previa.

- 🕒 Sábado 4 de maio, de 09.00 a 16.00 h
- € 28 € / persoa
- Grupo máximo de participantes: 8
- Idade mínima: 16 anos

A cidade dos alemáns

Visita ás minas de wolframio explotadas polos nazis durante a Segunda Guerra Mundial. Descubriremos este poboado levantado en poucos anos a raíz da febre do wolframio e abandonado entre as montañas de Trevinca. Para finalizar, realizaremos un brinde con viño da Denominación de Orixe na taberna de Eco dos Teixos. Requírese reserva previa.

- 🕒 Domingo 5 de maio, de 10.00 a 14.30 h
- € 18 € / persoa
- Grupo máximo de participantes: 15
- Idade mínima: 16 anos
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Eco dos Teixos
Tel.: 669 724 206
www.ecodosteixos.com
ecodosteixos@gmail.com

A TENDA DA RITA

Este establecemento de comercio especializado ofrece a posibilidade de realizar un pequeno percorrido urbano polo Barco de Valdeorras rematando cun "final feliz" no propio establecemento, saboreando bocados e grolos e escoitando lendas de Valdeorras.

- 🕒 Sábado 4 de maio, de 19.30 a 21.30 h
- € 20 € / persoa
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
A Tenda da Rita
Tel.: 988 093 435
www.atendadarita.com
info@atendadarita.com





RUTA DO VIÑO
RÍAS BAIXAS

CERTIFICADA COMO RUTA DEL VINO DE ESPAÑA
CERTIFIED AS SPAIN WINE ROUTE

PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES DO ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

Do 10 ao 12 de Maio

Buses do viño

O sábado 11 de maio sairán autobuses dende Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense, Vigo e Ferrol, para facer diferentes visitas pola Denominación de Orixe Rías Baixas. En cada ruta visitaranse algunhas das adegas participantes nas Xornadas e o xantar, libre, terá lugar nalgún dos concellos adheridos á Ruta. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico.

Prezo: 10 € / adult@ - 5 € / nen@ (de 3 a 13 anos)
Xantar non incluído
Prazas limitadas, recoméndase reserva previa
Reservas: ataquilla.com

📍 MÁIS INFORMACIÓN:


Ruta do Viño Rías Baixas
Tels. 986 091 088 / 687 523 230
www.rutadelvinoriasbaixas.com
info@rutadelvinoriasbaixas.com

Sábado | 11 de maio

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
1	09.00 h Santiago de Compostela (Rúa da Rosa, parada bus metropolitano)	11.00 h Adegas Terras Gauda 12.30 h Adegas Santiago Ruíz 17.00 h Adegas Quinta Couselo Tempo libre para xantar no Rosal / A Guarda	20.00 h Santiago de Compostela (Rúa da Rosa, parada bus metropolitano)
2	09.30 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel) 10.00 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe)	11.00 h Adegas Valmiñor 12.30 h Adegas Quinta Couselo 17.00 h Adegas Lagar de Fornelos Tempo libre para xantar no Rosal / A Guarda	19.30 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe) 20.00 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel)

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
3	10.00 h Ourense (Parque San Lázaro)	11.00 h Adegas Galegas 12.30 h Adegas Señorío de Rubiós 17.00 h Adegas As Laxas Tempo libre para xantar en Salvaterra de Miño	19.30 h Ourense (Parque San Lázaro)
4	09.30 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel) 10.00 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe)	11.00 h Adegas As Laxas 12.30 h Viña Nora 17.00 h Bodegas Fillaboa Tempo libre para xantar en Salvaterra de Miño	19.30 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe) 20.00 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel)
5	09.45 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe) 10.15 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel))	11.00 h Adegas Terra de Asorei 12.30 h Adegas Bouza de Carril 17.00 h Gil Armada Tempo libre para xantar en Cambados	19.00 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel) 19.30 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe)
6	09.45 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe) 10.15 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel))	11.00 h Viña Moraima 12.30 h Viña Cartín 17.00 h Pazo de Rubianes Tempo libre para xantar en Vilagarcía de Arousa	19.00 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel) 19.30 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe)
7	09.45 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe) 10.15 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel)	11.00 h Casa da Barca 12.30 h Bodegas Martín Códax 17.00 h Adegas Torre Penelas Tempo libre para xantar en Cambados	19.00 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel) 19.30 h Vigo (Rúa Cánovas del Castillo-CC A Laxe)
8	10.00 h Santiago de Compostela (Rúa da Rosa, parada bus metropolitano)	11.00 h Bodegas Vionta 12.30 h Lagar de Besada 17.00 h Adegas e Viñedos Paco & Lola Tempo libre para xantar en Sanxenxo	19.30 h Santiago de Compostela (Rúa da Rosa, parada bus metropolitano)
9	09.00 h Ferrol (Praza de Galicia)	11.00 h Mar de Frades 12.30 h Lagar da Cachada 17.00 h Adegas Eidos Tempo libre para xantar en Sanxenxo	20.30 h Ferrol (Praza de Galicia)

📄 Estes itinerarios poden verse modificados por causas alleas á organización. Así mesmo, a organización gárdase o dereito a anular algunha ruta se non se alcanza un mínimo de 10 persoas. Para os menores de tres anos, débese contactar previamente coa Ruta do Viño Rías Baixas para confirmar dispoñibilidade de praza. Os horarios de regreso son aproximados. O xantar non está incluído.



MÚSICA E VIÑO POLO RÍO MIÑO

A Ruta do Viño Rías Baixas organiza un concerto a bordo dun barco histórico polo río Miño, co que poderemos gozar da música en directo e da paisaxe da zona, mentres tomamos un viño da Denominación de Orixe. A duración aproximada desta actividade é de hora e cuarto. Prazas limitadas, necesaria reserva previa.

🕒 Sábado 11 e domingo 12 de maio, ás 12.30 e ás 18.00 h

€ 10 € / persoa

📍 Saída dende o embarcadero de Goián

📞 Reservas: ataquilla.com

📌 MÁIS INFORMACIÓN:

Ruta do Viño Rías Baixas

Tels. 986 091 088 / 687 523 230

www.rutadelvinoriasbaixas.com

info@rutadelvinoriasbaixas.com

VISITAS TEATRALIZADAS

A Ruta do Viño Rías Baixas organiza visitas teatralizadas, na adega Pazo Baión, nas que se mesturan artes escénicas e enoturismo. Os participantes poderán coñecer o proceso de elaboración do viño ao tempo que gozan da presenza de actores coñecidos no ámbito galego. Prazas limitadas, necesaria reserva previa.

🕒 Domingo 12 de maio, ás 10.30, 12.30 e 17.00 h

€ 10 € / persoa

📞 Reservas: ataquilla.com

📍 Pazo Baión

📌 MÁIS INFORMACIÓN:

Ruta do Viño Rías Baixas

Tels. 986 091 088 / 687 523 230

www.rutadelvinoriasbaixas.com

info@rutadelvinoriasbaixas.com

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO VIÑO E DA LAMPREA "ARABO"

Visita guiada gratuíta ás instalacións do Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea "Arabo". Ao finalizar haberá unha degustación de viño (de adegas de Arbo) na viñoteca do museo.

🕒 Venres 10 e sábado 11 de maio, de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 19.00h. Domingo 12 de maio, de 11.00 a 14.00 h

€ Gratuíta

📌 MÁIS INFORMACIÓN:

Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea "Arabo"

Tel.: 986 665 000

www.festadalamprea.gal

arabomuseo@gmail.com

MUSEO DA CIENCIA DO VIÑO

Visita guiada ás instalacións do museo.

🕒 Venres 10, sábado 11 e domingo 12 de maio, de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 19.00 h

€ Entrada individual: 5 € adulto, 3 € maiores de 65 anos, 2 € menores entre 6 e 18 anos

Entrada grupo (máis de 15 persoas): 3 € adulto, 2 € maiores de 65 anos, 1 € menores entre 6 e 18 anos

📌 MÁIS INFORMACIÓN:

Museo da Ciencia do Viño

Tel.: 617 148 866

www.concellodesalvaterra.com

museocienciavino@concellodesalvaterra.org

CATAMARÁN POLA RÍA DE AROUSA

Paseo en catamarán pola ría de Arousa e visita a mexilloeiras ofertado pola naviera Mares do Grove. Haberá degustación de viño das Rías Baixas, refrescos e mexillóns.

🕒 Sábado 11 de maio, ás 12.00 h

€ 18 € / persoa

📍 Porto do Grove

📌 MÁIS INFORMACIÓN:

Mares do Grove

Tel.: 607 645 687

www.cruceosmaresdogrove.com

neptuno@cruceosmaresdogrove.com

CATA A CEGAS: CAMELIAS, TÉ E VIÑO

Con Pazo Quinteiro da Cruz viviremos unha experiencia sensorial que nos fará gozar en plena natureza, facendo un percorrido de recendos sorprendente, un xogo co que potenciaremos sobre todo os sentidos do gusto e do olfato.

🕒 Venres 10 de maio, ás 17.00 h. Sábado 11 e domingo 12 de maio, ás 11.00 h

€ 40 € / persoa

📌 MÁIS INFORMACIÓN:

Pazo Quinteiro da Cruz

Tel.: 619 110 806

www.pazoquinteirodacruz.es

bepi.lago@icloud.com



ruta de sendeirismo. visita

Para os amantes do sendeirismo e para os que prefiren gozar dunha xornada de enoturismo en familia, adega Señorío de Rubiós propón un percorrido a pé (de dous quilómetros e medio aproximadamente) para coñecer o sendeiro Muiños do Xuliana, rematando cunha visita guiada á adega e cunha degustación de dous dos seus viños.

🕒 Domingo 12 de maio, ás 10.00 h

€ 23 € / persoa

📌 MÁIS INFORMACIÓN:

Señorío de Rubiós

Tel.: 986 667 212

www.srubios.com

info@srubios.com

A ORIXE DO ALBARIÑO EN LANTAÑO

Adega Viña Cartín organiza unha visita guiada ao lagar medieval e cata na adega dos seus viños (se as condicións metereolóxicas non o permiten, farase no seu lugar unha presentación fotográfica na propia bodega). A duración aproximada desta actividade é de noventa minutos. Requírese reserva previa.

🕒 Sábado 11 de maio, ás 12.00 h

€ 15 € / persoa

Grupo mínimo de 15 persoas

📌 MÁIS INFORMACIÓN:

Viña Cartín

Tel.: 615 646 442 / 615 646 452

www.terrasdelantano.com

pedidos@terrasdelantano.es



VISITA GALICIA "CHEESE LOVERS"

Bodegas Vionta propónnos unha viaxe por Galicia a través da combinación perfecta de tres dos seus gorentosos viños con tres maravillosos queixos galegos, unha maridaxe coidadosamente seleccionada na que degustaremos viños da adega con personalidades únicas, acompañados de queixos de primeira calidade: Queixo Tetilla, San Simón da Costa (os dous con Denominación de Orixe) e outro queixo galego, tamén moi saboroso, o Galmesano.

🕒 Domingo 12 de maio, ás 12.00 h

€ 19 € / persoa

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Bodegas Vionta
Tel.: 986 747 566
www.ferrerwines.com
ursula.gonzalez@vionta.com

MAR DE FRADES VIVE EN AZUL

Experiencia na que a adega Mar de Frades fusiona a cata coa gastronomía, buscando os matices que proporcionan os aromas, sabores e texturas. Comezaremos cun agradable paseo e a explicación do viñado e a viticultura nas nosas viñas a pé da adega, con vistas ao Val do Salnés. Posteriormente gozaremos dunha maridaxe dos nosos tres Albariños *premium* acompañados de tres pequenas propostas gastronómicas elaboradas a base de produtos marítimos típicos galegos.

🕒 Sábado 11 de maio, ás 13.00 h

€ 30 € / persoa

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Mar de Frades
Tel.: 637 479 469
www.mardefrades.es
info.mardefrades@zamoracompany.com

SESIÓN "WINE TRUCK"

Adegas Valmiñor ofrece unha degustación de viños e petiscos amenizada con música no exterior das súas instalacións. Os viños serán servidos na súa "wine truck".

🕒 Domingo 12 de maio, de 12.00 a 14.00 h

€ 5 € / persoa (inclúe dúas copas de viño)

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Adegas Valmiñor
Tel.: 664 081 476
www.valminorebano.com
enoturismo@valminorebano.com



ruta do viño do
ribeiro

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Ruta do Viño do Ribeiro
Tel.: 988 477 100
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com

PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES DO ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

Do 17 ao 19 de Maio

Buses do viño

O sábado 18 de maio sairán autobuses dende Ourense, Ferrol, Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña. O domingo 19 de maio sairán desde Ourense, Santiago de Compostela e Pontevedra. En cada ruta visitaranse algunhas das adegas participantes nas xornadas e parte do patrimonio vitivinícola. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico.

Prezo: 10 € / adult@ - 5 € / nen@ (de 3 a 13 anos)

Xantar non incluído

Prazas limitadas, necesaria reserva previa

Reservas: ataquilla.com


Sábado | 18 de maio

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
Ourense	09.30 h Ourense (Parque San Lázaro) 09.45 h Estación de tren de Ourense	Roteiro pola beira do Miño Laias-Razamonde Adega Priorato de Razamonde Adega Casal de Armán Adega Terra do Castelo Visita teatralizada á aldea vitivinícola de Beade Xantar opcional en restaurante Casal de Armán ou en Ribadavia	19.30 h
Ferrol	09.00 h Ferrol (Praza de Galicia)	Adega Viña Costeira Visita teatralizada á aldea vitivinícola de Beade Roteiro pola veira do Miño Laias- Razamonde Adega Priorato de Razamonde Xantar opcional en Pazo de Toubes ou en Ribadavia	18.30 h

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
Vigo	09.15 h Vigo (R/ Areal, antigo reitorado) 10.15 h Ribadavia (Casa da Cultura)	Adega Terra do Castelo Adega Cuñas Davia Visita á Igrexa da Veracruz (Carballiño) Licores os Maios Museo do Viño de Galicia Xantar opcional no Carballiño	19.30 h
Santiago	09.00 h Santiago (Dársena de Xoan XXIII) 10.45 h Ribadavia (Casa da Cultura)	Adega Pousadoiro Adegas Celme Leive Ecoadega Visita a Santa María de Beade Xantar opcional en Ribadavia ou no restaurante Arnoia	19.30 h
A Coruña	09.00 h A Coruña (Parada de bus Praza de Ourense) 11.15 h Ribadavia (Casa da Cultura)	Bodegas Cunqueiro Adegas Ramón do Casar Adega Pousadoiro Museo do Viño de Galicia Xantar opcional en Ribadavia	19.30 h



Domingo | 19 de maio


RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
Ourense	10.00 h Ourense (no Parque San Lázaro) 10.15 h Estación de Tren de Ourense 10.45 h Ribadavia (Casa da Cultura)	Adega Cuñas Davia Leive Ecoadega Visita teatralizada a Pazos de Arenteiro Xantar opcional en restaurante Casal de Armán ou en Ribadavia	17.30 h
Santiago	09.15 h Santiago (Dársena de Xoan XXIII) 10.45 h Ribadavia (Casa da Cultura)	Bodegas Cunqueiro Adegas Ramón do Casar Adegas Celme Xantar opcional en Ribadavia ou no restaurante Arnoia	17.30 h
Pontevedra	09.30 h Pontevedra (parada de bus Capela de San Roque, ao lado da Alameda) 10.40 h Ribadavia (Casa da Cultura)	Casal de Armán Viña Costeira Licores os Maios Xantar opcional en Pazo de Toubes ou en Ribadavia	17.30 h

 A organización resérvase o dereito a modificar o programa en función da dispoñibilidade dos espazos e establecementos a visitar, así como o dereito a anular algunha das actividades ou rutas do bus en caso de non chegar a un mínimo de 10 participantes. Tamén se poderán anular actividades por cuestións meteorolóxicas. O xantar non está incluído. Importante levar roupa e calzado cómodos. Os horarios de regreso son aproximados. Imprescindible asinar e entregar á organización: Autorización para a publicación de imaxes (menores, si é o caso, e persoas adultas), dispoñible a descarga en www.rutadelvinoribeiro.com

SÁBADO DE TAPEO

Os restaurantes participantes no “Enoturismo en Galicia, Primavera de portas abertas” presentarán unha oferta variada de petiscos que se poderán harmonizar cos viños das diferentes adegas participantes. Aforo limitado, necesaria inscrición.



 Sábado 18 de maio, de 19.30 ás 22.00 h
 8€/persoa (Depósito previo de 2€/copa, que serán reembolsados ao devolver a copa)

 Igrexa da Madalena, Praza da Madalena (Ribadavia)
 Reservas: ataquilla.com

 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño do Ribeiro
Tel.: 988 477 100
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com

CONCERTO MUSICAL

Concerto promovido pola Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro co gallo da celebración do “Enoturismo en Galicia, Primavera de portas abertas”.



 Sábado, 18 de maio, ás 22.30 h
 Gratuíto



 Praza Maior de Ribadavia

 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño do Ribeiro
Tel.: 988 477 100
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com

RIBEIRO, ENTRE VIÑO E IGREXAS

A Ruta do Viño propón unha andaina que nos levará a visitar as igrexas de Santo Domingo, Santiago, San Xoán e a capela do Portal de Ribadavia e a facer un paseo polo río ata a capela de San Xes de Francelos, xoia do prerrománico galego.

 Domingo 19 de maio, de 09.30 ás 13.00 h
 10 € / persoa


 Praza Maior de Ribadavia
 Reservas: ataquilla.com

 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño do Ribeiro
Tel.: 988 477 100
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com




MUSEO DO VIÑO DE GALICIA

